

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DO 30 DE ABRIL DE 2019

Na Sala do Consello de Goberno da Reitoría da Universidade, ás 09:40 horas, en segunda convocatoria e logo de se comprobar a existencia de quórum bastante, deu comezo a sesión de acordo coa Orde do día que figura como **anexo I**

Asisten as persoas que figuran como **anexo II** da presente acta, xustificando a súa ausencia as que figuran de seguido: Raquel Rubio Barbeito, María Dolores Fátima Cadedo Gunturiz e Fernando Agrasar Quiroga.

1. Informe do Reitor

A seguir, os demais membros do equipo de goberno informaron dos asuntos correspondentes ás súas áreas.

O reitor

Toma a palabra o reitor para dar a benvida aos novos membros do Consello de Goberno electos polo claustro, tanto de PDI, estudantado e PAS, manifestando o seu desexo dun bo desempeño do cargo.

O proceso electoral supuxo a paralización de moitos proxectos relativos á Universidade. Mesmo así, informou dunha reunión celebrada co MECED sobre a xestión económica dos proxectos de investigación en relación coa modificación da LCSP. O Ministerio, indicou, fai unha interpretación moi favorábel a fin de facilitar a xestión dos proxectos.

A seguir, dá a palabra ao resto dos integrantes do equipo de goberno.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informou dos seguintes asuntos:

- 05/04/2019. Autorizouse a contratación pola lista de agarda da praza 18/1014 dun/ha profesor/a contratado/a interino/a de substitución a tempo parcial P06 na área de coñecemento de Matemática Aplicada, debido á renuncia ao seu contrato do profesor contratado interino de substitución que viña cubrindo unha ausencia por maternidade. O contrato finalizará na data de incorporación da profesora ausente ou o 31/08/2019 no caso de non producirse antes a incorporación.
- 12/04/2019. Integrouse no corpo de Titular de Universidade unha profesora Titular de Escola Universitaria do Departamento de Ciencia da Saúde, ao ter acadada a acreditación a esa categoría. Esta integración realizase en virtude do disposición 2ª da Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril.

Código Seguro De Verificación	pkcQI5cUGZDuBrQRzOxefg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	10/06/2019 10:23:16
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	10/06/2019 10:07:45
Observacións		Páxina	1/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pkcQI5cUGZDuBrQRzOxefg==		



- 08/04/2019. Publicouse a Relación definitiva de prelación de prazas dos corpos docentes universitarios correspondentes á OEP do ano 2019 tras recibir a autorización do 03/04/2019 da Xunta de Galicia para publicar esa oferta. Con esa data deuse traslado aos departamentos que tiñan prazas incluídas na oferta de emprego da relación de áreas de coñecemento onde se poderían convocar prazas con cargo a OEP 2019.
- 16/04/2019. Publicouse no DOG a Resolución do 08/04/2019 pola que se aproba a oferta de emprego público do 2019.

O vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia informa dos seguintes

asuntos:

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria informou dos seguintes

asuntos:

Informo da publicación da resolución definitiva de admitidos da Convocatoria de cursos de verán da UDC 2019 e da resolución das axudas a programas de actividades estudiantís, e a publicación das listaxes provisionais das axudas a aloxamento do plan propio da Universidade da Coruña. Curso 2018-2019

Pechouse o informe da inspección de traballo das bolsas de colaboración de formación, onde se indicou por teléfono unha xestión correcta da UDC. Ademais séguense todas as recomendacións da CRUE para a xestión destas bolsas. Quero agradecer ao Servizo de Estudantes, aos técnicos de emprego e ós títos a labor para a xestión destas bolsas, así mesmo, os informes realizados pola consulta de inspección de traballo.

Tamén quero agradecer a todas ás administracións dos centros a súa eficiencia na xestión dos premios de excelencia publicados pola Xunta de Galicia.

O 10 de abril inaugurouse a exposición “Aralladas” do escultor e profesor Alberte Oro Claro, na sala de intervención cultural universitaria NORMAL.

Na Comisión de Extensión universitaria do 29 de marzo autorizouse condicionalmente o curso de extensión universitaria "Curso de diagnóstico e interpretación de patoloxías do pe e nocello mediante resonancia magnética" de Daniel López López. Autorizado definitivamente na Comisión de Extensión Universitaria do 25 de abril.

De seguido, a **vicerreitora de Internacionalización e Cooperación** informou dos seguintes temas:

05/04/2019 Consello Dirección FCEER: Presentouse a memoria de actividades do 2018 así como a memoria económica do mesmo período. Informouse sobre os proxectos en marcha e os recentemente concedidos.

Código Seguro De Verificación	pkcQI5cUGZDuBrQRzOxefg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	10/06/2019 10:23:16
Observacións		Asinado	10/06/2019 10:07:45
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pkcQI5cUGZDuBrQRzOxefg==		Páxina 2/9



12/04/2019 Reunión Mixta da cátedra Daca. Presentouse a memoria de actividades e a memoria económica do 2018. Anunciouse a renuncia da subdirectora, a Dra. Ana Tarrío Tobar por presentar a súa candidatura a Valedora Universitaria.

24/04/2019. Visita do Reitor da Universidade de Machala, Ecuador, para a renovación do convenio polo que recibimos profesorado da súa universidade para facer o doutoramento na UDC.

Premio Profesorado Internacional. A primeira convocatoria deste premio recibiu 14 candidaturas. Os aspectos valorados incluíron a participación no deseño de novos títulos internacionais, a adaptación de materias de cara á súa internacionalización, a creación ou promoción de convenios, entre outros. A resolución provisional publicouse o 26 de marzo.

Proxectos presentados dende a ORI:

Proxecto europeo de Cooperación para a innovación e o intercambio de boas prácticas a través dunha asociación estratéxica no ámbito da xuventude (Erasmus+ KA205). O proxecto está liderado pola Comunidade de Universidades Mediterráneas.

Dirección Xeral de Xustiza UE: A UDC participa como socia nun proxecto transnacional en materia de formación xudicial sobre dereito civil, penal y dereitos fundamentais coordinado pola Universidade de Maribor (Eslovenia).

Sesión informativa Becas Fulbright con asesoramento individual os asistentes.

Sesión informativa sobre as Becas ICEX que ten por finalidade a formación de xoves profesionais especializados en internacionalización empresarial.

ACTIVIDADES OCV

Realizouse o curso de formación en introdución á cooperación e á educación para o desenvolvemento, no que participaron 17 estudantes da UDC, beneficiarios/as das bolsas PCR (Proxectos de Coñecemento da Realidade), que este ano irán a países como, Nepal, Etiopía, Honduras e Guatemala.

Tiveron lugar as X Xornadas sobre persoas sen fogar: tecendo redes dende as rúas, que tiveron unha asistencia de máis de 120 persoas, e que se celebraron o día 4 de abril.

O grupo de sensibilización da OCV realizou unha actividade sobre “o senfogarismo e o acceso á vivenda” co alumnado das Facultades de Ciencias e de Económicas e Empresariais.

Publicouse a primeira resolución da Convocatoria de Educación para o Desenvolvemento, coa concesión de dous proxectos que se desenvolverán nas Facultades de Ciencias e de Arquitectura.

O alumnado de primeiro curso do Grao de Deseño Industrial de Ferrol, a través da metodoloxía da aprendizaxe-servizo e en colaboración coa OCV, levou a cabo experimentos relacionados coa Física; ensinou a realizar diferentes obxectos con material reciclado e explicou cales son os tipos de plásticos coas persoas con enfermidade mental e Alzheimer de Ferrol.

Código Seguro De Verificación	pkcQI5cUGZDuBrQRzOxefg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	10/06/2019 10:23:16
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	10/06/2019 10:07:45
Observacións		Páxina	3/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pkcQI5cUGZDuBrQRzOxefg==		



O voluntariado que participa no proxecto do poboado xitano de As Rañas, colaborou co centro educativo Manuel Murguía para celebrar co seu alumnado unha actividade relacionada co Día do Pobo Xitano, que se conmemoraba o 8 de abril.

A **vice-reitora de Organización Académica e Innovación Docente** informa dos seguintes asuntos:

O día 12 de abril tivemos unha reunión os vicerreitores de títulos, con fin de revisar a oferta global de titulacións até o curso 2020-2021 que recollía o Acordo asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do SUG, que, como é lóxico, vai experimentando algunha modificación. A idea é que as 3 universidades poidamos acordar e negociar entre nós e presentarlle a Consellería un acordo pechado. Esta labor avanza favorablemente, como logo se puxo de manifesto unha reunión o 17 de abril na Consellería á que asistiron os tres reitores e os vicerreitores con competencias en titulacións.

O mércores, día 17, recibimos os comentarios da Secretaría Xeral de Universidades á oferta de prazas aprobadas no anterior Consello de Goberno. Non foi moito o tempo que nos deron para contestar a eses comentarios e aínda non sabemos como quedou a versión definitiva da oferta da UDC. Salientar que nalgúns graos e mestrados nos dicían que había un exceso de prazas na memoria e que existía unha sobreoferta estrutural. Ínstasenos a que, cando estes títulos teñan que facer unha modificación na memoria, tamén inclúan unha redución de prazas. Desde a Universidade contestamos que non íamos modificar a oferta de prazas aprobada en Consello de Goberno, así que serán eles os encargados de facelo. En canto teñamos máis información poreime en contacto cos/coas directores ou decanos/as dos centros afectados. Tamén tivemos que xustificar aqueles casos nos que se solicitaba un aumento ou unha diminución de prazas. Canto aos mestrados, hai seis que non acadaron a media igual ou superior ao mínimo de alumnos de novo ingreso establecido no artigo 6 do Decreto 222/2011. Sabemos que nalgún caso os argumentos achegados teñen bastantes posibilidades de seren tidos en conta, noutros, vai resultar máis complicado mantelos. Xa foron advertidos desta situación os responsables das titulacións correspondentes. Nesta reunión nos insistiron na importancia das taxas de graduación e tamén nos informaron da súa intención de pedir un plan de mellora a tres anos vista para aquelas titulacións nas que esta taxa sexa inferior ao 10%. Están a revisar os resultados da simultaneidade de estudos, de feito, suprimiron a simultaneidade de estudos Informática /ADE do campus de Ourense, porque só egresaron 2 estudantes.

Xa rematou o prazo para presentar a solicitude para ser avaliado/a na VIII Convocatoria do programa Docentia. Presentáronse 103 solicitudes, delas foron admitidas 92.

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** informou de seguido do seguinte:

1) IVE por investigación

Tras o cambio de criterio por parte da AEAT (Axencia Española da Administración Tributaria), que xa non considera que o ive por investigación básica poida recuperarse automaticamente senón que debe probarse a súa vinculación coa actividade

Código Seguro De Verificación	pkcQI5cUGZDuBrQRzOxefg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	10/06/2019 10:23:16
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	10/06/2019 10:07:45
Observacións		Páxina	4/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pkcQI5cUGZDuBrQRzOxefg==		



empresarial, continuase a traballar co IVE de investigación. O 18 de marzo presentáronse as alegacións pola desestimación do recurso do IVE do 2013 e 2014. Aportouse evidencia sobre a vinculación da actividade básica coa actividade e empresarial.

Este criterio parece ser que vai prevalecer cara o ano 2018 polo que asinaremos un acta de disconformidade e interpoñeremos un recurso.

- 2) O fondo RAM (Reforma, ampliación e mellora) da primeira certificación foi sometida a finais de marzo do ano 2019 cun total de 319.181,52€. Isto supón o 29,91%. Recibimos a información por parte da Consellaría de Educación de que estaba aprobada no 3 abril de 2019 (recoñecemento da obriga e proposta de pagamento).
- 3) **Validacións e imputacións.** Non houbo Comisión de Asuntos Económicos xa que están en proceso de constitución as novas comisións.

A continuación a vicerreitora do **Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** tomou a palabra para informar do seguinte:

- O traballo realizado pola UDC a través da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, a Oficina para a Igualdade de Xénero e a Oficina de Cooperación e Voluntariado en colaboración coa Cooperativa de Innovación Social 4EQUALITY : “Mulleres que lideran o mar” acadou un dos premios do II Concurso de ideas “LUÍSA VILLALTA” de proxectos culturais pola igualdade, convocados pola Deputación da Coruña.
- O día 10 de abril celebrouse a clausura das actividades da Cátedra UDC-Navantia cunha conferencia a cargo do Director de Reparacións de Navantia Ría de Ferrol o enxeñeiro Antonio Nieto Freire.
- O venres día 10 a Facultade de Humanidades e Documentación acollerá a XXII (vixésima segunda) Conferencia de Decanatos de Artes e Humanidades. Nesta cita participarán decanos e decanas de Facultades das áreas da rama de coñecemento de Artes e Humanidades de todo o Estado.
- A Área de Cultura de Ferrol, entre outras actividades, ten previsto realizar no mes de maio unha exposición coas obras realizadas polo alumnado que participou nos obradoiros de fotografía. Trátase de 2 coleccións en 2 formatos: unhas lonas para colgar nas árbores dos xardíns de Esteiro e outras fotos que se expoñerán na sala de exposicións do Centro Cultural universitario. A inauguración esta prevista o mércores día 8.

Código Seguro De Verificación	pkcQI5cUGZDuBrQRzOxefg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	10/06/2019 10:23:16
Observacións		Asinado	10/06/2019 10:07:45
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pkcQI5cUGZDuBrQRzOxefg==		Páxina 5/9



E tamén ao redor do Día das Letras Galegas haberá un roteiro pola cidade “Ferrol coas Irmandades da Fala”. Que como todas estas actividades están abertas a toda a cidadanía

- No vindeiro mes de maio no Campus de Ferrol haberá actividades da Cátedra Jorge Juan e do Ciclo Café con Ciencia os días 7 e 31 respectivamente.

Os días 8-9 e 10 de maio mes celébrase na Universidade de Valladolid a sectorial da CRUE sostenibilidade na que están integrados os grupos de traballo de políticas de xénero e de Universidades saudables.

O **xerente** informou do seguinte:

SITUACIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS EN CURSO

Acceso libre derivados da Oferta de Emprego Público do ano 2015:

- Convocatorias no DOG do 14-09-2018: 1 técnico/a superior e 1 grao medio en relacións internacionais, e 2 da escala técnica de servizos. O 22-03-2019 publicouse a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas á convocatoria da escala técnica de servizos.
- Promoción interna derivada da Oferta de Emprego Público do ano 2017:
- Convocatorias no DOG do 13-09-2018. Nomeamento dos tribunais designados para xulgar as probas o 22-03-2019. Relación definitiva de persoas admitidas e excluídas á convocatoria das escalas do subgrupo A1 publicouse o 11-04-2019.

Promoción interna derivada da Oferta de Emprego Público do ano 2018:

- Estanse a elaborar os temarios para iniciar a negociación coa Xunta de Persoal no vindeiro mes de setembro.

Acceso libre derivados das Ofertas de Emprego Público dos anos 2016, 2017, 2018, estabilización e 2019.

Enviáronse o 26 de abril á Xunta de Persoal as convocatorias acumuladas das seguintes escalas das ditas ofertas: Escala administrativa (C1), Escala técnica auxiliar, subescala auxiliar de servizos (C2), Escala técnica superior, subescala calidade (A1), Escala técnica superior, subescala informática (A1) e Escala de axudantes de arquivo, bibliotecas e museos (A2); que suman 75 do total das 99 prazas, co obxectivo de publicalas no vindeiro mes de xuño.

Situación do proceso de eleccións sindicais UDC: PDI funcionario, PDI laboral e PAS funcionarios o vindeiro 09/05/2019.

Logo da comunicación de que a representación das organizacións sindicais do sector ensino do ámbito de Galicia, asinaron un acordo de ordenación dos diferentes procesos electorais de PDI e PAS das tres universidades galegas, como xa informei, representantes da Xerencia e da Vicerreitoría de Profesorado tiveron reunións coa

Código Seguro De Verificación	pkcQI5cUGZDuBrQRzOxeFg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	10/06/2019 10:23:16
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	10/06/2019 10:07:45
Observacións		Páxina	6/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pkcQI5cUGZDuBrQRzOxeFg==		



representación das organización sindicais e asinouse un acordo de organización do proceso electoral na UDC.

Estase a informar do avance do proceso electoral e do voto por correo no enlace da web da UDC: https://www.udc.es/gl/gobierno/equipo_reitoral/xerencia/elecciones-sindicais/sindicais2019/

Deste xeito, no marco deses acordos, o calendario ata hoxe estase a desenvolver con normalidade e, en concreto:

- iniciouse o día 7 de marzo coa constitución das mesas coordinadoras e entrega dos censos ás organizacións sindicais
- expúxose o censo provisorio desde o día 14 ata o día 22 de marzo,
- censo definitivo o día 25 de marzo,
- proclamación provisoria de candidaturas o 9 de abril,
- candidaturas definitivas o 9 de abril,
- iniciouse a campaña electoral o 23 de abril,
- constitución das mesas electorais o 24 de abril: 3 de PAS funcionario, 2 en Ferrol e 8 na Coruña de PDI funcionario e 2 en Ferrol e 7 na Coruña de PDI laboral.

Este proceso rematará coa votación o día 9 de maio.

ACORDOS:

1. Aprobouse por unanimidade a acta da sesión do 3 de abril de 2019
2. Aprobáronse os contratos e convenios (2 marco, 19 específicos e 43 de prácticas)– **anexo III**
3. Aprobouse a cobertura de vacantes nas Comisións Delegadas de Consello de Goberno logo da renovación do Claustro Universitario– **anexo IV**
4. Aprobouse a designación de Carmela Carrillo García como representante do estudantado do Consello de Goberno no Consello Social
5. Aprobáronse as memorias de actividades dos campus de especialización e os planos estratéxicos asociados-
No caso do campus industrial aprobouse a memoria 2016-18 e o seu plano estratéxico asociado e no caso dos campus innova e sustentabilidade a memoria de actividades 2018 e os seus planos estratéxicos asociados. – **anexo V**

Código Seguro De Verificación	pkcQI5cUGZDuBrQRzOxefg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	10/06/2019 10:23:16
Observacións		Páxina	7/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pkcQI5cUGZDuBrQRzOxefg==		



Aprobáronse as memorias de actividades dos campus de especialización e os planos estratéxicos asociados- No caso do campus industrial aprobouse a memoria 2016-18 e o seu plano estratéxico asociado e no caso dos campus innova e sustentabilidade a memoria de actividades 2018 e os seus planos estratéxicos asociados. – **anexo V**


Os Campus de especialización van a seguir un proceso de acreditación. Primeiramente débese aprobar a súa memoria e o plano estratéxico asociado e posteriormente a gobernanza e os planos estratéxicos ou planos operativos anuais para a seguinte trienio.

Xa que as memorias están no repositorio de Alfresco, o que se fai é presentar un resumo das principais actividades asociadas a docencia, investigación e transferencia e comunicación e difusión. No caso do campus industrial, o que se conseguiu foi unha vez lanzado o 7 de xullo de 2016, presentáronse e aprobáronse 3 graos e 3 mestrados Grao en Moda (2018), Grao Enxeñaría Eléctrica dual (2019); Grao en Xestión Dixital da Información e Documentación (2019); Máster en Videoxogos (2018), Máster en Deseño Industrial (2018), Máster en Inf. Inf. e Robótica (2019). No eido da investigación creouse a Agrupación de Investigación Ci3 centrada no eido da investigación intelixente e desenvóléronse mais de 40 eventos (seminarios, workshops, xornadas, open days, etc).

No que se refire aos Campus de Coruña, lanzáronse os campus sustentabilidade innova no ano 2018. As liñas de especialización foron InnovaTIC, innovaTECH e innova humanitas no caso do campus innova. No caso da Sustentabilidade destacamos a cidade e territorio, a educación ambiental e sustentabilidade social, vida saudable e deporte e a economía circular e sustentable. Se espera lanzar 3 novos graos como grao en ciencia de datos, o grao en videoxogos e o grao en xestión dixital da información e documentación en colaboración con Ferrol. Ademais conseguiuuse o recoñecemento das agrupacións estratéxicas do CITEEC e a renovación do CICA. Fixéronse seminarios grupos de traballo e desenvolveuse un congreso internacional no eido da sustentabilidade. Fixéronse mais de 10 eventos entre os que destacan a colaboración na organización da mobile week, o programa stem bach ase como a promoción da nova oferta formativa.

Aprobouse a transferencia de crédito solicitada pola Facultade de Cc. da Educación – Dpto. de Pedagogía e Didáctica - **anexo VI**

1. Aprobáronse os calendarios académicos para o curso 2019-2010 - **anexo VII**
2. Aprobouse a remisión á Xunta de Galicia dos acordos relativos á titulación de turismo aprobados no Consello de Goberno do 3 de abril de 2019 – **anexo VIII**
3. Apróbbase a a Oferta de Emprego Público do ano 2019 do PAS da UDC. **anexo IX**
4. Apróbbase a Oferta de Emprego Público de Estabilización do PAS da UDC – **anexo X**
5. Apróbbase a proposta de convocatoria de concurso dos corpos docentes universitarios (9 cat. universidade e 27 titulares de universidade) - **anexo XI**
6. Aprobouse a proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado **anexo XII**
7. Apróbbase a autorización de excedencia temporal do profesor Alberto Pan Bermúdez – **anexo XIII**

Código Seguro De Verificación	pkcQI5cUGZDuBrQRzOxefg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	10/06/2019 10:23:16	
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	10/06/2019 10:07:45	
Observacións		Páxina	8/9	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pkcQI5cUGZDuBrQRzOxefg==			


8. Apróbase a autorización de anos sabáticos– **anexo XIV**
9. Apróbanse as memorias de anos sabáticos do curso académico 2017/2018 – **anexo XV**
10. Apróbase o Plan Docente Anual (PDA) das titulacións de Grao de Creación Dixital, Animación e Videoxogos e Grao en Xestión Industrial da Moda – **anexo XVI**
11. Apróbase o Regulamento de réxime interno do Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación – **anexo XVII**

Logo de se tratar todos os asuntos incluídos na orde do día, a sesión rematou ás 12:44 horas.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público, o ficheiro electrónico comprensivo da gravación da sesión pode consultarse no seguinte enderezo:

<https://tv.udc.gal/video/5ce3df0211cad1680c8b456a>

(coa pegada dixital SHA-1: 8188E65B37BFBA77B65F86FA99A377F116AD2AEF)

Código Seguro De Verificación	pkcQI5cUGZDuBrQRzOxefg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	10/06/2019 10:23:16	
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	10/06/2019 10:07:45	
Observacións		Páxina	9/9	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pkcQI5cUGZDuBrQRzOxefg==			